

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 20:31 ata as 22:49 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	Sí
Ángela Valcárcel Bernárdez	Sí

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas de sesións anteriores

a) Acta da sesión 2019-13, extraordinaria de 11 de novembro

Sr. Núñez Troncoso: Recordar que nesa acta aprobouse o inicio de modificación da ordenanza do IBI para pasar do 0,50 ao 0,48, o digo para que despois non digan que está solicitado encima da hora, xa que estamos a dez meses para que poida entra a vigor, ou sexa que hai tempo de sobra.

Na páxina 8, no segundo apartado pon: *“Seguindo coa reclamación que presentou este grupo, nós propoñemos minorar unha serie de gastos que se poden minorar e que hai marxe para minorar, 90.000€ o custe do goberno en vez de baixar un 35%”,* pon baixar e debería incrementar un 35 %.

b) Acta da sesión 2019-14, ordinaria de 19 de decembro

Sra. Tourón Domínguez: Páxina 15, no segundo párrafo “isto vai por IDEA” en vez de “isto vai polo IDAE”, na páxina 25 na segunda pregunta eu resposto que “ACISA é a Asociación de Comerciantes de Tabernanova, aos que se asesorou para que pediran unha subvención a través de FIGURSA” e é a través de FISURGA

Sra. Pérez Cabaleiro: Na páxina 11, na miña intervención onde pon “o programa EMTEGA” é o programa EMEGA.

c) Acta da sesión 2020-01, extraordinaria do 23 de xaneiro

Sra. Tourón Domínguez: Na páxina 12 no último párrafo, na quinta liña onde di “houbo unhas eleccións que en maio que non dan” ten que dicir houbo unhas eleccións en maio que nos dan.



VOTACIÓN: Non existindo máis observacións as actas, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación das actas das sesión nº 2019/13 extraordinaria de 11 de novembro; sesión nº 2019/14 ordinaria de 19 de decembro e a acta da sesión nº 2020/1 extraordinaria de 23 de xaneiro, sendo aprobadas por UNUNIMIDADE dos TRECE membros presentes na sesión.

Expediente 315/2020. Aprobación inicial do Regulamento municipal de Participación Veciñal

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: Como xa se tiña dito no último pleno ordinario a idea era traer a aprobación inicial do Regulamento municipal de participación veciñal xa con anterioridade, pero por circunstancias non se puido traer antes e o traemos a este pleno. Este Regulamento o que intenta é regular a participación veciñal en todos os ámbitos da vida política. Consta dun preámbulo onde se fai fincapé na necesidade de ir introducindo a participación veciñal na vida municipal é política dos Concellos, un título preliminar que vai do artigo 1 ao 3 onde se marcan os obxectivos, que sobre todo é facilitar a participación dos cidadáns na vida económica, cultural e social, tamén se fala da entrada en vigor a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO, despois destas disposicións xerais veñen 4 títulos: Título 1.- Das Asociacións veciñais e rexistro das mesmas, con isto o que se pretende é que todas as asociacións se rexistren para poder participar, tamén falan da documentación necesaria para facer esa inscrición e dos dereitos e das obrigas das asociacións. No Título 2 se fala da participación veciñal que vai do artigo 8 ao 13, resumindo di que o Concello favorecerá o desenvolvemento das asociacións, recibirá opinións, informacións, suxestións e demais delas, tamén marca os dereitos da veciñanza en canto á participación veciñal, e se fala da documentación tanto a través de papel como do rexistro electrónico que se porá a disposición da veciñanza e das asociacións para facer peticións, queixas ou reclamacións. No Título 3 fálase do Consello veciñal, que é a base da participación veciñal que pretendemos regular, vai dende o artigo 14 e 23, será o órgano para canalizar a participación veciñal, a súa actividade pode ser territorial e sectorial, será un órgano sobre todo de participación, de información, de seguimento e propostas da xestión de municipal; fala tamén da súa composición, nun primeiro momento estará formada pola Presidencia, tres concelleiros/as, e un membro de cada asociación que queira participar nese consello. Márcase tamén como serán as súas reunións xerais, reunirase ordinariamente cada seis meses ou extraordinariamente cando o soliciten unha cuarta parte das persoas e sempre antes da elaboración dos orzamentos municipais. As súas reunións serán sempre públicas e abertas e terán voz todos/as os/as veciños/as que así o desexen.



As funcións do Consello entre outras serán a de informar, suxerir, propoñer e trasladar ao equipo de Goberno e a Corporación etc... Ademais, si o Pleno o considera poderanse formar Consellos territoriais ou sectoriais. Tamén fala da aprobación do regulamento interno do Consello de participación que será en tres meses dende a súa constitución. Aquí estamos a regular a participación veciñal e neste punto o Consello veciñal pero o funcionamento do Consello veciñal, que aprobará o regulamento unha vez formado entre todos, para que xa a participación sexa real e que todo o mundo teña dereito a participar na súa composición, funcións e nas creacións das comisións de traballo que se estimen oportunas.

No Título 4 que vai do artigo 24 ao 29, regularemos a participación nos plenos, a participación do Consello nos plenos será a través das persoas que o representen que se elixan para tal, e poderá expoñer queixas, propostas, preguntas da veciñanza que xa foran tratadas no Consello municipal ou trasladadas directamente á Comisión directiva para que se trasladen ao pleno. A comisión directiva, que se constituirá cando se forme o consello, entre outras cousas porque como marca que as sesións ordinarias serán cada seis meses, pois dar a oportunidade á que a veciñanza poida trasladar de acordo coas datas que temos de plenos ordinarios que son cada dous meses. O tempo de antelación co que se debe solicitar a participación nos plenos serán de cinco días, limitamos o número máximo de intervencións, non só se participara no pleno con preguntas, exposicións, etc... senón que si se acorda no Consello traer algunha moción, que serán tratadas coma as presentadas polos Grupos municipais e ditaminadas pola comisión informativa e despois ao pleno, é dicir, a participación do Consello veciñal será por dúas formulas, a primeira é a dación de conta de todos os acordos despois das sesión dos Consellos e a outra é a participación neste apartado.

Hai dúas disposicións adicionais, na primeira marcaremos o prazo para actualizacións das asociacións que farán a solicitude para participar no Consello, unha vez actualizada toda documentación coas asociacións que queiran participar, convocarase a primeira reunión de constitución do Consello. Como marca lei establécese un prazo dun mes de alegacións unha vez se adopte o acordo de aprobación inicial do regulamento.

Sr. Rodríguez Davila: Como titular é bonito, porque todo o que é participación soa moi ben, pero creemos que a realidade ben pouco ten de participación directa do veciño a título individual, parece e da a sensación, despois de ler este regulamento, de que en Salceda non existisen asociacións, ou non houbera iniciativa de asociacionismo no noso Concello, non quere dicir que non teña que haber máis, por sorte temos un Concello onde hai asociacións, colectivos veciñais, culturais, deportivos, etc... da a sensación que desde o Goberno se pretende fomentar como si non existise, isto non quere dicir que non teña que haber máis. O que si é certo que o que precisan as asociación e os colectivos e máis apoio do goberno, quero recordar



que levan como mesmo apoio económico 10 anos, ano tras ano o mesmo importe, por certo reducido no ano 2010 polo bipartito, dende aquela ata hoxe sempre as mesmas subvención anuais.

Se un analiza artigo por artigo este regulamento, se atopa un con bastantes contradicións e sobre todo o que máis destaca é a imposibilidade directa de calquera veciño de poder participar directamente no pleno de propia voz ou en outros órganos, e ten que facelo a través de representantes de asociacións que a súa vez formen parte do Consello municipal e falará en nome dese veciño en cuestión. No artigo 7 apartado g) di “ *Os dereitos recoñecidos ás Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, recoñecidos neste regulamento, soamente serán exercitables por aquelas entidades ou asociacións que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*” Isto é interpretable, lxicamente, ou estás ou non estás, aí xa lle estamos poñendo unha barreira a algún colectivo que non estea debidamente inscrito ou regulado nese rexistro que vostedes que van a crear. Para unhas cuestións si é necesario pero para outras creemos que non.

Logo falan de xeneralidades, hai cousas que a día de hoxe xa se están facendo sen ningún problema, coma o de presentar o escrito por rexistro, como o de facer públicas as ordes dos días dos plenos, de colgar na páxina web as convocatorias, que por certo, estaría ben que colgara o inventario de bens e de camiños que leímos insistido ou o acordo de goberno que tamén leímos insistido. Fala de moitas xeneralidades que a día de hoxe se están dando e que polo tanto hai moita letra para encher este regulamento. Logo o artigo 17 onde di: *O Consello Veciñal estará formado por: a)A presidencia, que será ostentada pola alcaldía ou concelleiro/a no que a alcaldía delegue. b)Tres concelleiras ou concelleiros designados pola alcaldía*” é dicir, aquí unha vez máis aplican vostedes o sectarismo e discriminan a este Grupo porque non hai constancia, ou así o pon o regulamento, que todos os grupos da Corporación van a estar representados nese Consello veciñal de participación, o que están dicindo, e si non é así me corrixen, o que están dicindo e que a Alcaldía vai designar aos concelleiros que estime oportuno e polo tanto vai deixa fora ao grupo maioritario deste Corporación, que case obtivo a maioría de apoios dos veciños, polo tanto van quedar fora a maioría dos veciños nese Consello veciñal, pois este grupo non vai a ter ningún vogal nese Consello que vostedes queren crear.

No artigo 19: *“As reunións do Consello Veciñal son sempre públicas e abertas á veciñanza, que terá voz para tratar e expoñer asuntos de interese. A intervención de persoas particulares interesadas no asunto que se aborde, será cando así o teña solicitado antes de comezar a reunión.”* Se un veciño chega tarde ao inicio de ese Consello, por problemas laborais ou doutra índole xa non pode participar porque hai que pedilo antes de empezar a reunión. Que dicir do que pon o artigo 27 di: *“Por cuestión de orde e salvo cuestión de urxencia, a participación da veciñanza nos plenos canalizarase a través do consello de Participación Veciñal. É dicir, se unha persoa ou grupo de persoas veciñas quere expor algunha cuestión ou pregunta no pleno, ao*



marxe das asociacións, deberá introducila a través do consello de Participación Veciñal, cumprindo este cos requisitos establecidos no artigo 25 deste regulamento.” Imos ao artigo 25 e di: *“O Consello Veciñal, a través das persoas que o representen, poderá intervir nos plenos ordinarios unha vez finalizada a sesión, para efectuar unha exposición ante este órgano sobre as queixas, propostas e preguntas da veciñanza que foran tratadas no Concello Veciñal ou trasladadas á Comisión Directiva do Consello.”* É dicir, o veciño a título individual non poderá formular preguntas despois de rematar os plenos municipais, e si ou si ten que pasar polo Consello veciñal que a súa vez esa proposta, queixa ou petición dese veciño, terá que ser tomada en consideración e polo tanto será o Consello veciñal o que decida si acepta ou non esa queixa ou proposta dese veciño; unha vez sexa xa aceptada, si é o caso, designarase un membro dun colectivo para que fale na súa representación diante do pleno, é dicir, en vez de facilitar a participación, que é o que se supón que se pretende con este regulamento, o que están vostedes facendo e facendo filtros para que moitas cuestións de algúns veciños, incómodas ou non incómodas, non cheguen ao seu fin, que é facer a cuestión, a pregunta, diante do Goberno Municipal.

Vostedes están poñendo trabas aos veciños para que directamente non poidan participar no remate ou no debate do pleno municipal, porque tal como está redactado este regulamento, máis claro auga, é dicir, que en vez de facer áxil a participación, en vez de facer útil a participación, nós consideramos que vostedes están poñendo dificultades e atrancos, creo que hai outra maneira de poder regular e poder darlle voz aos veciños sen poñer tantas trabas no propio regulamento.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende o Grupo municipal de Movemento Salceda traemos hoxe aquí este Regulamento de participación veciñal que é un regulamento elaborado por todo o equipo de goberno, liderado pola Concelleira de área Verónica e que conta con aportacións de todo o goberno. É un regulamento e serve para regular e canalizar a participación cidadá e que quede ben definido como será, ademais neste regulamento de participación veciñal aproveitamos para regular o rexistro de asociacións, que xa estaba creado e deste xeito ter claro que as asociacións teñen unha serie de pasos a dar para poder estar debidamente inscritas neste rexistro. Respecto do que dixeches, todo o equipo de goberno esta orgulloso do asociacionismo que hai en Salceda, contamos cun tecido asociativo moi potente e elabora moitas accións socialmente moi potentes que contan con moita influencia e do que estamos orgullosos, como ben sabes as subvencións nominativas son as que son e non se poden cambiar polo plan de axuste, nos estaríamos encantados de poder modificalas pero non se poden modificar e a maiores da participación como xa se dixo noutras sesión plenarias e noutros momentos, creo que todos os despachos do equipo de goberno están abertos para toda a veciñanza para calquera tipo de cuestión.

Sra. Tourón Domínguez: So dicir un par que de cousiñas, xa llo dixen na Comisión informativa ao portavoz do Partido Popular, xa lle dixen en Comisión que podía



aportar antes do Pleno todo o que quixera e senón ten os trinta días de prazo que a lei estipula, pero xa lle dixen que estaba a aberta a calquera cuestión que quixera plantexar para incorporar antes do pleno, non fixo ningunha. Este regulamento inicial que se trae o ten nas mans o Partido Popular dende o martes da semana pasada, puido facer presentar algunha destas cuestións que está tratando aquí hoxe, habelo feito antes na Comisión ou despois, porque me prestei a elo. En canto a que se hai un filtro ou non hai un filtro, tamén llo dixen na Comisión Informativa e tamén xo llo dixen noutros plenos cando se trouxeron os regulamento de persoas honoríficas ou o regulamento do pleno, que regular se trata diso, regular non se trata de filtrar, trátase de regular, non deixar que as cousas funcionen ao libre albedrío para ver se funcionan e se non funcionan xa os pararemos, un regulamento é regular, regular é en certo modo é limitar pero non limitar a participación senón regularla para ser áxil, para iso creamos entre outras cousas o Consello de participación cidadá para que todo se canalice a través del e haxa esa axilidade da que vostede fala, áxil, ordenado e cun regulamento.

O mesmo que dicía o compañeiro de Movemento Salceda, o noso despacho está aberto os cinco días á semana para todo o mundo, para calquera veciño ou veciña. Dikir tamén que se deixa o regulamento de funcionamento do Consello veciñal aberto a aprobación cando se constitúa para que todo o mundo poida participar e se regule o Consello non como diga esta concelleira senón como diga todos os que participen nel.

Sr. Rodríguez Davila: Como van a saber si son veciños, que criterio van a coller? Empadramento, DNI, si é membro dun colectivo ou non, como van a filtran todo iso? Ti participa que falar xa falamos por ti, ti participa vai alí que despois nós xa nomeamos un representante do colectivo que xa vai falar por ti no pleno. Participación veciñal é atender aos veciños cando o soliciten á maior brevidade posible e non como está pasando nalgún caso que levan tempo detrás dun concelleiro e non o da atendido. Atención veciñal é atender aos veciños e non chegar ao Concello e atoparse moitas mañás dos venres pechados porque están reunidos vostedes non sei a que cousas, participación veciñal é dar as licencias municipais con igual de rapidez a todos os veciños e non a uns nunhas semanas e outras que levan dende o verán pasado a espera de darlle a licenza municipal cando teñen toda a documentación presentada e non lle reclamaron ningún documento máis, a participación veciñal é señores do Goberno, dar un trato igualitario á veciñanza viva onde viva e non a uns si, uns muros apoteósicos e faraónicos e a outros non, que os teñen pagar con fondos propios e non como o veciño de en fronte que llos paga o Concello, por certo, algúns deles non cumprindo a lei do retranqueo. A participación veciñal é non discriminar a ningún veciño por saber ou interpretar a quen son afíns ou de si é dunha parroquia ou doutra parroquia. Participación veciñal señores do goberno, é dar as axudas económicas con criterios obxectivos e non a libre decisión do Concelleiro ou da Alcaldía en función de quen sexa o solicitante de esa axuda económica, como está pasando e como pasou nos últimos anos. E por último,



participación veciñal é por os plenos extraordinarios polas tardes para que os veciños poidan asistir, sobre todo nos plenos que se traen a aprobación miles de euros en facturas sen pagar e non excusándose na axenda ocupada dos concelleiros, cando a axenda dalgún concelleiro foi visitar unha bodega nese propio día da celebración do pleno.

Creo que hai maneiras e maneiras de participación veciñal, polo tanto non queiran dar exemplo de querer dar aos veciños participación cando son vostedes os que incumpren ese requisito principal. En resumo, non estamos en contra da participación veciñal e por suposto, Álex, que nós tamén estamos orgullosos das nosas asociacións non dixen nada ao respecto, simplemente dixen que había moitas asociacións e que parece ser que o goberno neste regulamento da a sensación de que non existe asociacións, claro que existen moitas e boas, pero non quere dicir que ten que haber máis e que se fomente que haxa mais, por suposto.

Non estamos en contra da participación veciñal, todo o contrario, pero non así, tal como vostedes o plasman neste regulamento, primeiro, porque impiden a participación directa do veciño en cuestións diante deste pleno municipal, despois a delegación en representantes, que ao mellor ti como veciño non queres que sexa ese representante ou ese colectivo e ti a título persoal, insisto, que é o máis importante e o máis grave deste regulamento é que non o podes facer. Estamos burocratizando demasiado a participación do veciño cando cremos que é moito máis sinxela a relación entre os colectivos e o goberno e viceversa, moito máis sinxelo do que vostedes pretenden con este regulamento.

Creo que están mesturando colectivos, veciños de parroquias que nadan teñen que ver entre si. É certo que se poden crear outros consellos territoriais como o ámbito da parroquia, pero inicialmente vai ser un só consello municipal onde vai a haber colectivos de todas as parroquias, de todos os entes que así o soliciten estar e por último, cremos que hai unha discriminación que é a eliminación da posibilidade de que un membro deste grupo maioritario da Corporación estea presente neses consellos. Creo que é un tema moi grave se vostedes ao final non aceptan que un membro deste grupo maioritario da corporación estea presente nese Consello.

E xa para rematar, o noso grupo por suposto que vai a presentar emendas a este regulamento, o noso grupo unha vez máis, en mostra da coherencia, non imos a votar en contra deste regulamento, imos a abstermos porque nós non estamos en contra da participación todo o contrario, pero non deste xeito, a través deste regulamento que é moi mellorable e sobre todo que non vai a ser operativo ou máis ben vai ser pouco útil. Oxalá que nos equivoquemos e que dentro dun par de anos lle poidamos dar a razón ao goberno pero tal como pretenden regulalo, coa periodicidade de seis meses, coa soa participación de dous veciños por cuestións de plenos que así o soliciten, creo que vai ser pouco operativo.



Sra. Alcaldesa: Confundes xestión con participación cidadá, eu podo entender que estades en campaña e que pretendades dar certos discursos, o que non che vou consentir é que xeneralices, que fagas acusacións directas a esta Alcaldesa e que non poña vostede exemplos desas ilegalidades das que fala e máis, lle pediría que se vostede como portavoz do PP defende a legalidade, que denuncie esas ilegalidades, non me faga discursos baratos cara ao escaparate sen mencionar con exactitude de que se trata e si é vostede tan coherente e tan responsable, denuncie eses feitos ilegais e non acuse a esta Alcaldesa e aos Concelleiros de cometer ilegalidades e irregularidades.

Sra. Tourón Domínguez: Despois de todo este debate sego sen entender onde neste Regulamento se menospreza ás asociacións, ou como dixeches “que parecía que non había asociacións”, en ningún momento aquí di que non hai asociacións, que non fan un bo traballo, o que intentamos é poñelas en valor, se ti ou o PP o interpreta doutro xeito alá vós, pero desde logo non é intención da Concelleira de participación veciñal nin de ningún dos membros do equipo de goberno. En canto a si atendemos ou non atendemos a xente segundo a cor política, etc... eu vou defender a miña parte, eu xamais lle puxen unha etiqueta a ningunha persoa que entrou polo meu despacho e menos unha etiqueta política, en ningún caso eu dixen de non atender a ninguén é máis, aténdoo diariamente e cando queira e calquera veciño ou veciña que se lle achega ao Concello pode comprobalo, co cal eu si me asumo o que acaba de dicir a Alcaldesa que discursos baratos os xustos, que estamos nun pleno.

En canto a participación veciñal que queredes abandeirar repito, insistín en que polo Partido Popular se aportara o que considerarase oportuno, eu recordo a participación do Partido Popular nos plenos cando gobernaba o Partido Popular recordo algúns concelleiros levantar a man aínda non rematara o alcalde nin sequera trataban os plenos, esa era a participación que había naquel momento, o que se está mirando polo Grupo Partido Popular todos estes meses que leímos de goberno é intentar poñer pedras, paus nas rodas continuamente e non apoiar absolutamente nada, non lle gusta o regulamento do ROM, non lle gusta que aprobemos orzamentos dentro do ano, non lle gusta que aprobemos o regulamento honorífico, agora non lle gusta o de participación veciñal, gustaríame ver si atopa algo o Partido Popular que lle guste.

Sr. Rodríguez Davila: O que hai que escoitar, Sra. Verónica, quen a viu e quen a ve, que demagogia, mire as actas dos último catro anos do pleno respecto do goberno. Mire Sra. Alcaldesa, vostede é quen ten que velar pola legalidade, vostede é a Presidenta-Alcaldesa deste Concello, vostede vai ás obras, faise fotos e a metade desas obras non cumpren, vostede é a que ten que velar para que se cumpra a legalidade, vostede mire e revise onde estivo nas últimas semanas visitando obras e mire si ten os retranqueos e se cumpre coa ordenanza municipal, etc... Mire vostede as fotos e mire si cumpren ou non cumpren esas obras.



Álex, o plan de axuste non impide a revalorización das subvencións igual que non impide aumentar os soldos e as dedicacións do Goberno Municipal como así vostedes fixeron. Ás asociacións non lle podemos subir o importe nos últimos dez anos pero o Goberno pode subirse as dedicacións e o importe económico, non é o mesmo plan de axuste, non está dentro do mesmo plan de axuste ou é incoherencia do goberno? Hai que saber do que se fala.

Nós estamos en contra do que nos parece oportuno estar en contra, por iso nos imos a abster, Sra. Verónica, mire vostede o en contra que estamos que nos imos a abster, e apoiamos cuestións que son sensatas e necesarias e que cremos que son boas para o noso Concello, o imos a facer no día de hoxe noutras cuestións. Este grupo ten o suficiente criterio para decidir que cre o que se é bo e o que cre que non é bo non o vai a apoiar, igual que fixo vostede no tempo que leva de concelleira, agora mire vostede os discursos dos últimos catro anos e mire o que esta dicindo a día de hoxe.

Sra. Alcaldesa: O apoio económico das asociacións oxalá puidera ser máis, xa deixou claro o motivo o compañeiro Álex cal era o motivo, pero é que o apoio ás asociacións dende as concellerías e moitísimo mais, e vós sabédelo, en canto a persoal, material, loxística. Os colectivos teñen as portas abertas desta Alcaldía e de cada unha destas concellerías, xamais lle pechamos a porta a ninguén e xamais lle pedimos o carné de partido político a ninguén, que lle quede claro. Ao mellor vostede ten outras experiencias, para nós os veciños non son incómodos como dixo, nós estamos encantados de recibilos, non en vano en menos de oito meses que levamos de goberno recibimos a máis de 22 colectivos, Comunidade de Montes de Soutelo, Asociación de Comerciantes de Tabernanova, Comunidade de Montes de Parderrubias, Asociación Veciños San Tomé, Comunidade Montes de Budiño, Comunidade de Montes de Santa María, Centro cultural a Feira, Asociación Xuvenil a Feira, Asociación San Xurxo, Asociación Altamira, IES, Galiña Azul, o CRA Raiña Aragonta, os Clubs, Escola de fútbol Denís Suárez, patinaxe, baloncesto, o todos, a toda a xente relacionada co mundo do motor, a Fútbol Club Caselas, a Asociación Treceatorce; infinidade de colectivos que en menos de oito meses levan pasado por este Concello, que ninguén diga que este Concello lle pecha as portas a ningún colectivo. Este é un regulamento que permite a participación no pleno da veciñanza a través da representación dos colectivos sociais dos que estamos sumamente orgullosos, son moitos e fan unha labor fundamental tanto deportiva, como de concienciación, como cultural para este Concello e temos claro que a nosa oferta non sería tan variada sen a súa axuda e sen a súa aportación, dito isto leo a proposta de acordo, seguinte:

“Considerándose necesario para este Municipio a aprobación dun Regulamento de Participación Veciñal, co obxecto de garantir o exercicio dos dereitos de participación, regulando as canles polos que poden exercitarse os mesmos, promovendo a participación e facilitando a máis ampla información sobre a súa actividade.



Visto o proxecto de Regulamento de Participación Veciñal elaborado ao respecto.

Visto que, por Providencia de Alcaldía de data 17 de febreiro de 2020, solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para a aprobación do sinalado Regulamento.

Visto o Informe de Secretaría núm. 2020-0004 e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Salceda de Caselas.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente. "

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Salceda de Caselas.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada



definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente.

Expediente 431/2020. Aprobación dos complementos das prestacións económicas na situación de Incapacidade Temporal.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Unha vez realizada a Mesa Xeral de Negociación o pasado 30 de xaneiro, temos a obriga de traer o acordo que se asinou nesa mesa cos representantes e delegados sindicais, acordo que paso a leer:

“PRIMEIRO. Aprobar para o persoal laboral e eventual ao servizo do Concello de Salceda de Caselas incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social e con efectos de 1 de xaneiro de 2020, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal. “

Sra. Alcaldesa: Teño que dicir que este acordo foi aprobado co resultado de unanimidade, seguindo a fórmula do asentimento, teño que dicir que hai varias peticións dos sindicatos, CC OO, CSIF e CIG dunha próxima convocatoria dunha mesa de negociación para plantexarse a posibilidade de que esta incapacidade laboral se recolla non dende o xaneiro de 2020 senón dende xaneiro de 2019, con carácter retroactivo, xa nesa mesa se falou que unha vez teñamos os informes de Secretaría e Intervención se convocará esta nova mesa de negociación que agora se solicita polos sindicatos por escrito e creo tamén o PP se fixo eco desa petición a través dunha emenda que temos que votar, eu como presidenta deste órgano entendo que non debería vir a pleno, houbo unha mesa na que se toman acordos, unha mesa de negociación na que o PP non forma parte, polo tanto traer unha emenda que contradiga o acordado nunha mesa de negociación da que vos non formades parte creo que é argumento máis que suficiente para que o equipo de goberno vote en contra desta emenda.



Sra. Pérez Cabaleiro: A verdade e que acaba de acontecer neste momento paréceme sorprendente, estou segura que o meu grupo tamén, igual de sorprendente que a proposta que trae o Grupo de Goberno, unha proposta que aboca á desigualdade entre os propios traballadores deste Concello, repito desigualdade, porque como todos sabemos aprobouse para todo o persoal funcionario a aplicación do complemento retributivo do 100% desde o primeiro día na situación de incapacidade temporal e por licenza por enfermidade con efectos dende o 1 de xaneiro de 2019 e o que traedes hoxe para o persoal laboral e eventual deste Concello é que isto mesmo se aplique dende o 1 de xaneiro de 2020, é dicir, un ano de diferenza entre o persoal funcionario e persoal laboral e eventual deste Concello. Non sei se tedes algunha explicación en canto a este ano de diferenza, que algúns traballadores poidan cobrar estas baixas temporais dende o 1 de xaneiro de 2019 e o persoal laboral e eventual poida cobralo a partir de 1 xaneiro de 2020. O Partido socialista Obreiro Español sempre alardea de que defende aos obreiros, é dicir, aos traballadores, non sei se esta é a defensa que piden cara aos traballadores, que uns cobren con efectos de 2019 e outros con efectos de 2020, porque isto para nós é privarlle dun dereito ao persoal laboral deste Concello.

O voso é demagogia pura, evidentemente o noso grupo presentou unha emenda para que o persoal laboral e eventual deste Concello puidese cobrar o 100 por 100 desde o primeiro día desa baixa e tivese efectos de 1 de xaneiro de 2019, igual que o persoal funcionario, e os sindicatos como vós dixestes presentaron unha serie de escritos para que se aplique dende xa o cobro de 100 por 100 da incapacidade temporal, é dicir, o que nos presentamos vai completamente de acordo co que eles mesmos presentaron, nós temos os escritos, revisámoslos e estamos completamente a favor do que o persoal laboral e eventual reclama. Con este ano de diferenza non sei que pretende o Concello, aquí traemos unha clara gráfica do gasto do Concello, no 2016: 16.433 €, no 2017: 9355 €, no 2018: 17.442€, estes son gastos do Concello en litixios co persoal. O persoal laboral e eventual teñen que cobrar a incapacidade temporal a partir do 2020 diferenciando así dos funcionarios que é dende o 2019, non sabemos moi ben en que se van a basear, non entendemos moi ben porque lle ides a privar duns dereitos que lles corresponden por igual a todos os traballadores deste Concello, ven sexan funcionarios ou ben sexan persoal laboral e eventual.

Sra. Alcaldesa: Entendo que como baza política igual a queredes gañar, pero creo que non entendestes o que acabo de ler, me consta, coñezo os escrito pero acabo de lervos parte da acta da mesa de negociación. En primeiro lugar a diferenza é que os funcionarios teñen ese dereito por lei sen necesidade de negociación, así de claro e de simple, no caso dos traballadores non se negociou, repito vou leer de novo o que se falou nesa mesa de negociación: *“A Sra. Presidenta resposta que non, cando preguntan si é unha cuestión de diñeiro, que de feito non se fixo ningún tipo de cálculo ao respecto indica que para o persoal laboral si que é necesaria a negociación, sinala que se solicitaran os informes de Secretaria e Intervención sobre este extremo pero que neste caso a proposta é que para o ano 2020 se aplique o 100 por 100 dos*



complementos". Repito, se estudará unha vez teñamos os informes de Secretaría e de Intervención a posibilidade da retroactividade e convocarase unha nova mesa de negociación, a verdade non sei que tanto vos queredes anotar e cal é a incongruencia ou o non respecto deste grupo de goberno cara aos traballadores e traballadoras deste Concello, é máis, esta Presidencia convocou a mesa precisamente para outorgarlle o que acabamos de falar o 100% das ITS dende o 1 de xaneiro de 2020 ademais dunha redución no horario que viu a esa mesa de negociación do 30 de xaneiro a 35 horas, foron concesións que cremos que son dereitos dos traballadores e traballadoras do Concello de Salceda de Caselas, non sei de onde sacaches ese discurso Ana Cristina, non pretendas facer crer a xente cousas que non son.

Sra. Tourón Domínguez: Súmome totalmente ao que acaba de dicir a Alcaldesa, na propia acta tanto o certificado da Secretaria no que se pon que se aprobou por unanimidade a proposta que facía o equipo de goberno nesa mesa de negociación das 35 horas e do 100% da baixas dende o 1 de xaneiro de 2020 e na propia acta da mesa de negociación xa indica que se convocará outra mesa de negociación cando teñamos os informe de secretaria e de intervención pertinentes, para mirar si no 2019 se pode ou non se pode facer iso, en ningún momento nos negamos, a proposta que levabamos era a 1 de xaneiro de 2020, aprobouse e agora cando teñamos os informes se levará o resto e se mirará si é posible. Creo que facer política do primeiro acordo que se consegue neste Concello e intentar volver "a prender lume" eu creo que non é o papel que debería facer o PP se tan abandeirado é, eu pediríalle ao PP que sume, que aporte, que non estea en contra de todo ata dos acordos que se achegan nunha mesa de negociación cos traballadores, chegamos a un acordo con eles e bos emendades un acordo que chegamos nos con eles e cos representantes dos traballadores.

Sra. Pérez Cabaleiro: Evidentemente non quixen facer política simplemente collín os escritos de CCOO, realmente estou facendo política do escrito de CCOO? "*Nunca aprobamos por unanimidade que a parte de persoal se lle aplique dende o ano 2019 e a outra parte dende o ano 2020 xa que se produciría unha manifestación de desigualdade entre os traballadores do Concello o que si aprobamos por unanimidade foi a recuperación*" estou facendo política, estou mentindo? Non, simplemente estamos baseándonos en que non queredes votar a urxencia da nosa emenda e iso digo eu que será por algo. Nós propoñemos unha emenda á proposta de Alcaldía, non á mesa de negociación. En canto ao persoal laboral o Real Decreto 956/2018 do 26 de xuño fala tanto do persoal funcionario como do persoal laboral ao servizo da administración, é dicir, non estamos inventando leis e nós estamos baseando nas cousas da administración.

Sra. Alcaldesa: Empecei falando do resultado da votación, unanimidade, entendo que non vas a contradicir o certificado da Secretaria, verdade?. Sometemos a votación da emenda presentada polo Grupo Municipal do PP, seguinte:

*“Aprobar para o persoal laboral e eventual ao servizo do Concello de Salceda de Caselas incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social e con efectos de **1 de xaneiro de 2019**, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.”*

Sometida a votación a EMENDA presenta polo Grupo Municipal do PP, esta resulta REXEITADA por SETE votos en contra do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular.

Sra. Alcaldesa lee a proposta do acordo seguinte:

Visto o acordo plenario de data 26.02.2016 polo que se adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. O Concello de Salceda de Caselas complementará as prestacións por incapacidade temporal que correspondan ao persoal funcionario, laboral e eventual do Concello que manteña unha relación que se atope acollida ao réxime xeral da Seguridade Social, conforme ás seguintes regras:

a) Nos casos de continxencias profesionais e continxencias comúns que xeren hospitalización ou intervención cirúrxica, así como nos de enfermidade grave, aboarase un complemento ata alcanzar o cento por cento das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal.

b) Nos casos de enfermidade común non grave ou accidente non laboral, o complemento calcularase do modo seguinte:

- Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o cincuenta por cento das retribucións.*
- Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o setenta e cinco por cento das retribucións.*
- A partir do día vixésimoprimeiro aboarase un complemento ata alcanzar o cento por cento das retribucións.*

SEGUNDO. Os complementos das prestacións por incapacidade temporal sinaladas no punto anterior terán vixencia dende o 24 de maio de 2015, data de entrada en vigor da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

TERCEIRO. Respecto das baixas que non conleven incapacidade temporal, consideraranse xustificadas percibindo o 100% das retribucións que viñesen gozando, as ausencias ao traballo de ata catro días ao ano, desfrutando tres conxuntamente,



sempre que estean motivadas en enfermidade ou accidente e non dean lugar a incapacidade temporal. O empregado público debe avisar desta situación ao responsable da súa unidade administrativa a primeira hora e deberá aportar xustificante médico.

CUARTO. Dar publicidade a este acordo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Corporación Municipal, no Taboleiro de circulares en materia de persoal, así como notificalo aos delegados de persoal do Concello.”

Visto que a disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece que cada Administración Pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións para percibir polo persoal ao seu servizo ou ao dos organismos e entidades públicas dependentes, en situación de incapacidade temporal, podéndose establecer un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

Visto que de conformidade coa normativa exposta, en data 30.01.2020 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do concello adoptándose o seguinte acordo:

“Aprobar para o persoal laboral ao servizo do Concello de Salceda de Caselas incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social e con efectos de 1 de xaneiro de 2020, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.”

Visto que para o persoal funcionario, en virtude da Disposición Final 2ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local resulta de aplicación directa o artigo 1 do Real Decreto 956/2018 do 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos ou Entidades Públicas dependentes.

De conformidade co exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar para o persoal laboral e eventual ao servizo do Concello de Salceda de Caselas incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social e con efectos de 1 de xaneiro de 2020, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do



Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

SEGUNDA. Dar publicidade a este acordo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Corporación Municipal, no Taboleiro de circulares en materia de persoal, así como notificalo aos delegados de persoal do Concello. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar para o persoal laboral e eventual ao servizo do Concello de Salceda de Caselas incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social e con efectos de 1 de xaneiro de 2020, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

SEGUNDA. Dar publicidade a este acordo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Corporación Municipal, no Taboleiro de circulares en materia de persoal, así como notificalo aos delegados de persoal do Concello.

Expediente 414/2020. Aprobación de proxecto de obras denominado “Pavimentación da estrada do polígono do Cerquido ás escolas de Budiño”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sr. González González: A pavimentación do polígono do Cerquido ás escolas de Budiño, era unha prioridade que tiñamos como número un no tocante a asfaltados de camiños no ámbito rural do Concello de Salceda de Caselas. Trátase dunha obra de reasfaltado, unha obra de execución bastante simple pero dunha contía importante, dende as escolas ata ao final do polígono ata o cruce da antiga 550, é un recorrido de 940 metros de largo e imos a asfaltar completo a todo o ancho do recorrido incluído o ancho completo entre as naves da zona industrial. Como sabedes, entre as naves hai anchos totalmente diferentes e a nosa idea é o asfaltado completo e integral. Esta obra transcorre por unha zona moi inestable, por iso se teñen producido todos estes afundimentos, nace auga por todos os lados no transcurso desta obra. A parte do asfaltado integral imos a recalzar todas as tapas que hai no curso da obra, que son en total 34 tapas da rede de sumidoiros e pluviais e tamén de regadíos existentes. Aquilo é unha limpeza de marxes, unha capa de 5 cm. de asfalto, esperemos non



encontrarnos moitas sorpresas na zona industrial. No noutro recorrido o incorporaremos seguramente como melloras no proceso de licitación, será o quitar as augas do centro da calzada que nacen a partir da vía do tren, naquela zona tan húmida, recalzado, mellora das cunetas e marcas viais, pintados con marca central e marcas laterais, e os cebreados correspondentes na zona industrial. A contía da obra incluído o IVE son 90.638,64 euros, aquí incluimos tamén a redacción do proxecto que é subvencionable co cal queda ao final en 92.923 euros.

Sr. González Souto: Este proxecto alegrámonos que se traía aquí a este Pleno, é un proxecto moi esperado sobre todo polos veciños de Santo Estevo de Budiño, levan anos denunciando a nivel persoal e a nivel de redes sociais a necesidade do asfaltado desta estrada, tamén foi demandado polo PP ao Goberno a través de rogos, propostas e incluso Santi fixo un vídeo para visualizar o estado nese momento desa estrada; o contemplamos tamén no programa electoral destas últimas eleccións municipais. Realmente é unha estrada moi transitada de feito é a máis utilizada polos veciños de Santo Estevo. Recalcar que a situación do firme dende fai moito tempo é penosa. Non sei si se produciron danos en vehículos, pero perfectamente puido pasar.

Nós consideramos que este proxecto para acometer esta obra é unha prioridade para incluír no Plan de Concellos, e si me permiten simplemente facer unha valoración, a recuperación da fonte da Rubás é unha obra pero realmente a cantos veciños beneficiou esa obra con respecto dunha necesidade tan pausible por parte dos veciños de Santo Estevo, que é poderse comunicar coa N-550? Quero tamén facer unha crítica construtiva, xa recalches que como melloras vas pedir unha serie de cousas, este proxecto é bastante simple, contempla tres partidas e como ven dixeches nin sequera contempla o pintado, e como quen vai comprar un coche e a opción pode ser poñer GPS ou o aire acondicionado pero agora os intermitentes teñen que vir de serie, quero dicir está incompleto.

Tamén comentaches o tema das augas pluviais, non se contempla nin unha sola cuneta de formigón, contemplase no proxecto a limpeza das cunetas, de feito hai algunha cuneta con tubo partido nunha zona, sendo aquilo tan húmido e cando a chuvia descorra desa maneira o que vai a acontecer é que, se non se toman medidas respecto a iso a obras durarán dous anos, volverase a producir o deterioro rapidamente. Con respecto ao pintado entendo que ao mellor se podía facer algo a nivel de peóns, delimitar unha zona para un acceso de certa seguridade para os peóns, que poidan coller un autobús dende o Antoxo ata o Coto. Tampouco falas de sinalización vertical que creo que tamén sería moi mellorable.

Estamos de acordo no proxecto pero creo que se vai a aprobar un proxecto que é incompleto, podía estar mellor redactado, ser moito máis completo para despois que non aparezan aumentos nunha obra que está presupostada en 90.000 euros, que non haxa despois facturas por outros lados por non estar contempladas inicialmente, que

non se dean os coñecidos aumentos de obra. Pola nosa parte dicir que estamos contentos de que se leve a cabo.

Sra. Tourón Domínguez: É o primeiro proxecto do Plan Concellos 2020 que traemos ao pleno, é un dos primeiros proxectos que aprobamos nesta lexislatura, era unha reivindicación no só do PP senón tamén da veciñanza do PSOE na anterior lexislatura, de outra moita xente e estamos totalmente de acordo en que é unha das prioridades, igual que outros accesos e outras melloras de camiños que se traerán a outros plenos a parte do seguinte punto.

Sr. González González: Xa puxen de manifesto antes que na licitación da obra imos a introducir unha serie de melloras pola contía da obra xa que os 90.000 euros admiten unha serie de melloras importantes, a das marcas viais, a da sinalización vertical vai a ir fixo, os granaxes das augas a partir da vía do tren tamén van a ir a aí metidos e o cambio da cuneta de formigón que ti dis. A cuneta de formigón alí xa está feita o que hai e que sacar o granaxe cara a cuneta e con iso xa se soluciona porque por outro lado, xa na parte das fincas de abaixo non vas facer ningunha cuneta porque hai un desnivel importante. As cunetas vanse canalizar sempre por contra ao muro, contra o terraplén contra a parte da arriba, creo que con esas melloras quedará completa a obra.

Sr. González Souto: O único que pretendo dicir aquí é que o proxecto ven incompleto de base, non imos a votar en contra do proxecto, porque é o que se nos trae, pero este proxecto que vós visualizastes inicialmente antes que nós é a todas luces incompleto. O que vos pediríamos é que nos próximos proxectos, antes de traelos ao pleno que viñesen xa con eses tipos de melloras que agora dis que se van a recoller pero que son evidentes, ías deixar sen pintar a estrada? E que isto non é unha mellora, mellora non é pintar unha estrada despois de asfaltala, non é unha mellora, é algo necesario.

Sra. Alcadesa: Eu e algún dos meus concelleiros e concelleiras visitamos Budiño, reunímonos coa Comunidade de Montes e pedímoslles desculpas pola situación, tratamos de remendala en moitas ocasións, a chuvia sabedes os estragos que fixo, falamos coa Comunidade de Montes, explicóuselle o plan que era traelo a este pleno canto antes e levado como prioridade número un no Plan Concellos e así se está facendo. As cousas a veces na administración non son todo o rápido que nós quixeramos, repito, tan pronto podemos ter financiamento para realizar esta obra é a primeira que ven a este pleno. As obras teñen unha garantía, tamén che dou a razón que moitas non saen como nós queremos, pero teñen unha garantía e as empresas teñen que cumprir esa garantía. O que che vou a agradecer é a aportación das zoas peonís, que o estamos facendo como no camiño da procesión e unha próxima senda que pretendemos crear na zona de Pantel – Borralliño e en todas aquelas estradas que poidamos e que o permitan pola súa localización e pola súa contía económica. Se non hai máis que debater leo a proposta de acordo, seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Pavimentación da estrada do polígono do Cerquido ás escolas de Budiño”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 11.02.2020, cun orzamento base de licitación de 90.638,64€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.730,67€ euros, e o presuposto sen IVE a 74.907,97€.

Visto o informe técnico núm. 2020-0033 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2020-002 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Pavimentación da estrada do polígono do Cerquido ás escolas de Budiño”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 11.02.2020, cun orzamento base de licitación de 90.638,64€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.730,67€ euros, e o presuposto sen IVE a 74.907,97€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE Concelleiros/as asistentes a esta sesión,; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Pavimentación da estrada do polígono do Cerquido ás escolas de Budiño”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 11.02.2020, cun orzamento base de licitación de 90.638,64€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.730,67€ euros, e o presuposto sen IVE a 74.907,97€.



SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 415/2020. Aprobación de proxecto de obras de “Mellora do acceso ao lugar do Outeiro (San Xurxo)”

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. González González: Esta é unha obra de menor contía pero igualmente tan necesaria como a de Budiño. Sabedes que o barrio de Outeiro ten dous accesos, un é a estrada que une Outeiro con Mariña, que estamos agora mesmo reformando polo derrube que sufriu por unha filtración de auga da traída de augas de San Xurxo, un derrube importantísimo que temos que axudar a financiar compartindo o financiamento co seguro da traída de augas. O outro acceso que é o que imos tratar agora mesmo é o acceso da marxe dereita do barrio, no acceso máis próximo a Picoña, que é unha pendente moi pronunciada e que ten varios ramais que van a distintas casas. Esta obra tamén viña sendo moi demandada pola veciñanza do barrio Outeiro porque estamos bacheando continuamente, pero tamén rompe pola calidade do asfaltado que había orixinariamente que é moi deficiente e como hai moita pendente a tracción dos coches está continuamente destrozando aquilo. Imos a aproveitar esa base de macadán que ten, que pouco máis vale, e imos tamén darlle un asfaltado cunha capa 5 centímetros de asfalto ao largo de todo o recorrido, incluídas as dúas derivacións que ten polo lado esquerdo. En total trátase dun recorrido de 301 metros con limpeza, hai sitios que hai que aportar máis macadán coa zorra nalgúns laterais, noutros aproveitamos o existente, un asfaltado completo a todo o ancho máis ou menos de 4 – 4.50 metros ao largo do seu recorrido ata a eira final que hai alí onde está o desaugadeiro da traída augas de Outeiro. Tamén leva unha no primeiro entronque que atravesa toda a calzada nun recorrido de 7 metros recollida de augas de largo, que vai desaugar nunha cuneta que imos a executar contra o muro de mampostería para sacar na estrada provincial. O importe desta obra é de, incluídos os honorarios de redacción do proxecto, 21.615,59 euros, creemos que con esta obra quedará suficientemente saneada esa subida ao barrio de Outeiro.

Sr. González Souto: Efectivamente esta é outra estrada que estaba en moi mal estado como ben dis ti pola pendente. Neste caso inclúese polo menos unha partida de cuneta de formigón aínda que é no inicio e despois unha canlón con reixa asentada en perfíles metálicos, non sei si é suficiente ou non, non son capaz de valora se é esuficiente para a pendente que ten. Para que non saia a auga á estrada provincial, nós en principio vemos que é un diñeiro ben empregado e que ten que ser outra



prioridade do Goberno. Recalcar que tampouco aparece o pintado da estrada no proxecto, como non podo mirar as melloras non sei que máis melloras solicitudes aí, tedes previsto algún tipo de melloras? Un paso de peóns na zona para a xente que vai cara a Picoña no entronque coa nacional 550. Nós pola nosa parte estamos de acordo e esperemos que as medidas con respecto das augas da chuvia queden recollidas.

Sr. González González: As melloras aínda non están solicitadas, evidentemente vai a ver sinalización vertical como mínimo, sobre todo nos entronques e na saída á estrada provincial. O paso de peóns está a 50 metros máis arriba, na subida a Outeiro.

Sra. Tourón Domínguez: Pola nosa parte pouco máis temos que engadir, é outra das prioridades do equipo de goberno, era imprescindible traer este proxecto e que fose das primeiras obras do Plan Concellos, que é o primeiro financiamento que imos a ter.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora do acceso ao lugar do Outeiro (San Xurxo)”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 13.02.2020, cun orzamento base de licitación de 21.084,06€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 3.659,22€ e o presuposto sen IVE a 17.424,84€.

Visto o informe técnico núm. 2020-0032 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2020-003 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora do acceso ao lugar do Outeiro (San Xurxo)”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 13.02.2020, cun orzamento base de licitación de

21.084,06€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 3.659,22€ e o presuposto sen IVE a 17.424,84€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos TRECE Concelleiros/as asistentes a esta sesión,; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora do acceso ao lugar do Outeiro (San Xurxo)”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 13.02.2020, cun orzamento base de licitación de 21.084,06€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 3.659,22€ e o presuposto sen IVE a 17.424,84€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 481/2020. Designación de representante na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Paso a ler a proposta de acordo, seguinte:

“Visto que en data 06.02.2020 (2020-E-RE-170) recíbese acordo do Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo de 13.01.2020 polo que se solicita se realice o nomeamento dun representante na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade, de conformidade co sinalado no art.38.c) do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectuase a seguinte proposta de designación segundo se detalla

Primeiro.- Designar coma representante do Concello de Salceda de Caselas na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo á Concelleira de Facenda, Lucía Pereira González.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Designar coma representante do Concello de Salceda de Caselas na Comisión Especial de Contas da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo á Concelleira de Facenda, Lucía Pereira González.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

Mocións urxentes grupo PP

1.-Moción para incluír aos Concellos da Provincia no PONTEGAL 2020.

Sra. Pérez Cabaleiro: Da lectura a moción seguinte:

“MOCIÓN PARA INCLUÍR AOS CONCELLOS DA PROVINCIA NO PONTEGAL 2020

*O Grupo Municipal Popular de Salceda de Caselas con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN:***

A Deputación de Pontevedra, a través do Plan Cultural primeiro, e con cargo ao Pontegal, veu ao longo dos anos impulsando e fomentando a cultura popular en múltiples e variadas expresións artísticas, e facilitou a contratación e retribución de grupos e artistas da provincia, que viran neste programa unha oportunidade para dar a coñecer o seu traballo.

Bandas de música, corais, grupos folclóricos e de gaitas, agrupacións de música tradicional ou clásica e compañías de teatro ou danza, entre outros, incluíronse nas programacións culturais e festivas de concellos e entidades sen ánimo de lucro ao longo destes anos.

Pero unha vez pasados os procesos electorais, xa nos atopamos cos primeiros recortes, nas bases de solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa Pontegal 2020, publicadas no BOP do día 13 de decembro de 2019, xa que exclúen por primeira vez aos CONCELLOS como entidades destinatarias, a pesar de que son os principais organizadores de actos culturais nesta provincia. Tamén limitan o número de peticións, non podendo a mesma



entidade solicitar máis dunha petición no mesmo mes e 6 en todo o ano.

A convocatoria de 2020 está destinada exclusivamente a agrupacións e asociacións sen fins de lucro, eliminando tamén os Centros Educativos e ANPAS ademáis dos Concellos. Unha decisión que, desde o grupo municipal do PP entendemos que supón que os grupos e os artistas da provincia perdan unha oportunidade importante, xa que non debemos de esquecer que a maior parte das festas e programacións culturais que se desenvolven nas diferentes localidades están organizadas polos propios concellos. Pero ao mesmo tempo, tamén supón un hándicap importante para os concellos xa que non só vén recortado o Plan Concellos para este ano en 1,2 millóns de euros, senón que a partir de agora todas as actuacións que programen deberanse facer ou ben con cargo a unha das liñas do Plan Concellos ou ben con fondos municipais polo que, unha vez máis, desde o Goberno da Deputación continúa recortando fondos para os concellos, prexudicando principalmente aos que teñen menos recursos, que son os pequenos e medianos concellos da provincia.

Ademais, desde o grupo municipal entendemos que a exclusión dos concellos do Pontegal non se pode xustificar con novo programa Musigal, xa que o tipo de actuacións e o caché que se ofertan son moi diferentes. No Musigal non se inclúen todas esas agrupacións e artistas locais da provincia de Pontevedra que si se recollen no catálogo do Pontegal e que, ao final, son unha parte importante da programación cultural e festiva dos nosos concellos ao longo do ano.

Por todo isto, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Deputación de Pontevedra para que modifique as bases do Pontegal 2020 para volver a incluír aos concellos da provincia e que poidan solicitar actuacións de grupos e artistas con cargo a este programa.”

Pola Sra. Presidenta sométese a votación a URXENCIA da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE do/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión; pasando a continuación a debater a mesma.

Sr. Rodríguez Canosa: Este tema de PONTEGAL xa era coñecido por nós cando saíron as bases, e si que foi unha sorpresa porque fixeron esa diferenza respecto a outros anos, o que pasa é que esta moción, non sei si vos equivocastes a propósito ou sen querer, esta é unha moción política de campaña porque está chea de falsidades. Nós no fondo si que coincidimos en que, canto máis financiamento conte o Concello, moito mellor, veña por parte da Xunta de Galicia ou por parte Deputación, pero nós non podemos votar a favor dunha moción na que se inclúen falsidades moi claras. En primeiro lugar onde decides o límite do número de peticións é falso que non poidan



solicitar máis dunha petición ao mes, senón que o que poden é facer un evento ao mes, pero para ese evento poden facer as peticións que queiran ata 1600 euros, por tanto é completamente falso. Outra falsidade é que o Plan Concellos para este ano se reduciu en 1,2 millóns de euros, supoño que sabedes que o anterior Plan Concellos era bianual, polo tanto esas cifras non teñen sentido, dende o equipo de goberno e eu persoalmente, como Concelleiro de Cultural, xa lle transmitín a miña preocupación directamente a Presidenta da Deputación Carmela Silva, e me explicou os cambios e me recalcou as melloras que se fixeron este ano con respecto ao ano pasado, por exemplo este ano 2020 auméntase o orzamento que pasa de 750.000 euros a 900.000 euros, e outras das melloras que se fixeron é que para algúns grupos culturais como son a Banda de Músicas aumentóuselle a contía. Polo tanto, si que é un Plan que conta con melloras con respecto ao ano pasado e que basea a súa colaboración co asociacionismo. Gustaríame engadir que polo menos a Deputación de Pontevedra a través de MUSIGAL ou PONTEGAL fai públicas a actuacións e polo menos podemos ter actuacións culturais financiadas pola Deputación de Pontevedra, coa Xunta de Galicia para nós é imposible, como o Camiño de Santiago non pasa por Salceda non temos ningunha actuación do Xacobeo.

Sra. Tourón Domínguez: Vou sumarme un pouquiño ao que dicía o portavoz de Movemento Salceda, é verdade que hai dous datos que claman ao ceo, non son realidade, máis alá de que podemos estar máis ou menos de acordo en que o PONTEGAL cubra ou non aos Concellos ou só ás asociacións, pero as cousas claras. Como dicía o compañeiro Álex, o Plan Concellos creo que todos os que estamos aquí sabemos que o ano pasado era bianual e que non se reduciu a 1,2 millóns de euros, creo que si queredes o apoio desta moción o primeiro que debedes facer e retirar as falsidades da mesma. En canto ao demais xa politicamente, ídesme a permitir que como PSOE me faga hasta graza, porque recordo o PONTEGAL que non lle gustaba nada ao PP cando a nova Deputación o aprobou, é resulta que agora ata era bo o que tiñamos e non é bo o da agora, como cambian as cousas Sr. Portavoz do PP.

Como dicía o compañeiro Álex, se lle trasladou dende o equipo de Goberno e especialmente o Concelleiro de Cultura á Presidenta da Deputación cando viu visitar Salceda, se que nos gustaría que se acolleran os Concellos tamén, repetir as cantidades que de 750.000 se pasou a 900.000 euros, que van a estar nas mans das asociacións veciñais, dos veciños, non van estar na Deputación, vaille tocar a máis a repartir entre as asociacións, iso tamén hai que deixalo claro. En canto chamarlle Plan Cultural primeiro e con cargo ao PONTEGAL segundo, crear similitudes entre o que era o Plan Cultural de Louzán que aínda todos recordamos o paseo de cheques polas parroquias ao que é o PONTEGAL con transparencia e obxectividade, hai moita diferenza, comparar iso e votarlle un pouquiño de humor, eu como dixen sempre ao PSOE non lle caen os aneis por reclamarlle ao seu propio partido as cousas que precisa o Concello, pero as cousas con verdade, eu fago a mesma petición que facía o Concelleiro de Cultura, pedirlle a Xunta, xa non digo isto, pero se lle pode pedir algo similar ao Plan Concellos para que os Concellos galegos teñamos o que nos pertence



con transparencia e a todos por igual.

Ana Cristina Pérez: A pregunta é bastante clara, estades de acordo con que a Deputación elimine das axudas o custe das actuacións culturais a través do PONTEGAL, si ou non? É bastante básico, é a primeira vez na historia que a Deputación de Pontevedra non axuda a sufragar as actuacións culturais neste Concello, el mesmo o dixo, unha actuación por mes. A pregunta é bastante clara si ou non? Estades de acordo con que a Deputación axude a sufragar o custe das actuacións culturais, si ou non? E falando de política, madre mía a defensa da Deputación, como se nota que esta gobernada polo PSOE.

Sr. Rodríguez Canosa: Dúas apreciacións, en primeiro lugar non dixeran que era nunha actuación dixeran que era un evento, eventos coma o do Verán de Salceda duran case tres semanas e poden facerse cantas peticións que se queiran ata sobrepasar o límite. Despois, claro que non estamos de acordo pero xa o deixamos claro, o que non podemos facer é aprobar unha moción que contén falsidades, se modificades esas dúas falsidades nós non temos ningún problema en aprobar a moción. Despois creo que dixeran antes, non se me entendeu ben ou non me explique ben, claro que me gustaría que o Xacobeo patrocinara actuacións en Salceda, claro que si, pero xa que o Concello a nós como organizadores non nos deixan financiamento para a Música no Camiño, espero que a Xunta de Galicia a través do Xacobeo non veña con actuacións a Salceda.

Sra. Tourón Domínguez: Estamos de acordo no acordo, estamos de acordo no que é o fondo da cuestión o que non imos, eu non vou votar a favor dun texto que di claramente falsidades, polo tanto se queredes retirar esas dúas falsidades e aprobar a moción como tal, o PSOE non ten problema e Movemento Salceda xa deu a súa opinión, escusa ningunha, nós non imos a apoiar unha mentira co noso voto no pleno.

Sra. Alcaldesa: Como xa dixeran os compañeiros, ou ben retirades do argumentario as dúas falsidades, repito co acordo estamos de acordo todos, pero o argumentario contén datos falsos que nós evidentemente non imos a apoiar, se o retirades, non digo que poñades outro, nos votamos a favor, senón imos votar esta moción que contén datos falsos, outra cousa é que retiredes a moción e traela no vindeiro pleno, e outra das opcións.

Sr. Rodríguez Davila: O fundamento para vós son as falsidades na exposición de motivos cando o que se vota é o acordo. Quero recordar que houbo mocións presentadas no anterior mandato onde eu como portavoz xustifiquei que estaba en desacordo co argumentario que traía o Grupo de goberno e incluso apoiado polo Grupo Socialista respecto de mocións no acordo da escola e do comedor escolar e sen embargo este grupo votou porque o que se votaba era o acordo, e hai actas onde queda reflectido que eu manifestei estar en desacordo co argumentario porque non



se dicían verdades absolutas pero o que se vota é o acordo, polo tanto nós a moción a presentamos así, se vostedes discrepan na exposición de motivos é respectable pero o que se vota é o acordo, para que quede claro.

Sra. Alcaldesa: Queda claro, non ides a modificar as falsidades da exposición de motivos polo tanto nós non imos a votar a favor do acordo.

VOTACIÓN: Pola Sra. Alcaldesa sometese a votación a **MOCIÓN** presenta polo Grupo Municipal do PP, esta resulta REXEITADA por SETE votos en contra do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular.

2.-Moción presentada polo Grupo Municipal Popular con motivo do 8 de marzo.

Noelia Pérez: Dou lectura a moción seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DO 8 DE MARZO

*O Grupo Municipal Popular de Salceda de Caselas con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres enenas.

A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.

A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para alcanzar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes persiste.

Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:

- **POLÍTICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO:** *Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.*
- **USO DE TECNOLOXÍA E ACCESO A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A**



COMUNICACIÓN: Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.

Algúns dos datos a nivel estatal:

- *O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres;*
- *A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941 €;*
- *En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres;*
- *As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas vinculadas co fogar e a familia;*
- *Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.*

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado a:

- *Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.*
- *Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.*
- *Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.*
- *Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM*
- *Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.*

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- *Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc..).*
- *Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.*
- *Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das*

mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao Concello de Salceda de Caselas:

- *Levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo na ciencia e na tecnoloxía.*

Aportar coñecementos e ferramentas necesarias para a prevención, detección e abordaxe da violencia de xénero desde un enfoque interseccional a equipos técnicos de acción social.

- *Trasmitir conceptos básicos e fundamentais en relación á igualdade e violencia de xénero.*
- *Analizar e abordar as dificultades coas que se atopan os equipos técnicos de acción social na súa práctica diaria na abordaxe da violencia de xénero en calquera das súas manifestacións.*
- *Informar sobre os diferentes recursos en materia de violencia de xénero ó seu alcance.*
- *Detección e prevención da violencia de xénero na poboación xoven. Métodos de transmisión de estereotipos. Ferramentas de intervención.*
- *Actos de recoñecemento ó deporte feminino.”*

Pola Sra. Presidenta sométese a votación a URXENCIA da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE do/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión; pasando a continuación a debater a mesma:

Sra. Alcaldesa: Alégrome que traíades esta moción, dáme igual que sexa con motivo do 8 M, dáme igual que sexa política, dáme igual que sexa do tipo que sexa, nos imos a sumar evidentemente, todo o que se faga en prol da igualdade temos claro e creo que o demostramos non hai moito no pleno de novembro cando aprobamos o II Plan de Igualdade deste Concello do que vos formastes parte desa unanimidade, 63 medidas que sacaremos adiante nestes catro anos, moitas delas xa as estamos pondo en marcha, que xa coñecedes, e moito traballo que queda por diante. Na argumentación falabas dunha diagnose a nivel Estado, creo que naquela ocasión xa vos expuxen que o noso Plan de Igualdade falaba da diagnose interna do Concello máis dunha diagnose social, temos en conta os mesmos datos e os mesmos valores que ti acabas de mencionar pero no eido local, o noso compromiso coa igualdade creo que está demostrado e é moi claro, faime un pouco de graza, Noelia, que na parte de acordos o Goberno do Estado cinco, a Xunta tres e sete os Concellos que somos os que menos capacidade financeira e de persoal e de recursos temos, moitas destas medidas xa están recollidas e me atrevo a dicir que moitas delas xa están implementadas. O noso Plan esta posto aquí e o voso no eido estatal, benvida sexa, nós imos a apoiar esta moción.



Sra. Tourón Domínguez: Eu súpome ao dito pola Alcaldesa, está claro que traballamos pola igualdade e aí está reflectido no Plan de Igualdade que aprobamos no último pleno ordinario e tentamos traballar día a día transversalmente en todas as áreas desde todo o equipo de goberno, co cal o noso compromiso é totalmente completo, tanto a nivel de equipo de goberno como a nivel de partido é indiscutible, sobre todo o que intentamos no día a día traballar transversalmente que é como se conseguen estas cousas. Benvida sexa esta moción, o noso grupo se vai sumar a ela.

VOTACIÓN: Sométese a votación a presente moción e esta resulta aprobada por UNANIMIDADE do/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión; adoptando os seguintes acordos:

1. Instar ao Goberno do Estado a:

- Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.
- Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.
- Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM
- Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

- Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc..).
- Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, inxeniería e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.
- Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.



3. Instar ao Concello de Salceda de Caselas:

- Levar a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo na ciencia e na tecnoloxía.

Aportar coñecementos e ferramentas necesarias para a prevención, detección e abordaxe da violencia de xénero desde un enfoque interseccional a equipos técnicos de acción social.

- Trasmitir conceptos básicos e fundamentais en relación á igualdade e violencia de xénero.
- Analizar e abordar as dificultades coas que se atopan os equipos técnicos de acción social na súa práctica diaria na abordaxe da violencia de xénero en calquera das súas manifestacións.
- Informar sobre os diferentes recursos en materia de violencia de xénero ó seu alcance.
- Detección e prevención da violencia de xénero na poboación xoven. Métodos de transmisión de estereotipos. Ferramentas de intervención.
- Actos de recoñecemento ó deporte feminino.

3.- Moción presentada polo Grupo do Partido Popular para a instar ao Goberno Central para reclamar á débeda pendente a Galicia.

Sr. Núñez Troncoso: Da lectura da moción seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

*O Grupo Municipal Popular de Salceda de Caselas con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a retar a liquidación dunha mensuralidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.



Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegas. No caso do IVE son cartas de todos os galegas, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranase á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. "Declarar o apoio deste Gonce/lo á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as confías do Imposto sobre o Valor Engadido (/VE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata, e o incentivo fiscal polo cumprimento de todas as regras fiscais do ano 2017 como do ano 2018, que suman entre ámbalas dúas 370 millóns €".*
- 2. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia nun prazo de 10 días."*



Sr. Núñez Troncoso: Como todos sabedes estes son cartos de todos os galegos e tamén dos nosos veciños, son cartos que o Goberno Central xa recadou no seu día e que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferir a nosa comunidade autónoma, en total como dixen antes son 370 millóns de euros.

Sr. Rodríguez Canosa: Máis do mesmo que a de PONTEGAL, unha moción política de campaña electoral, resulta que dende xuño de 2018 todo o que ven de Madrid está mal feito e especialmente dende o 5 de xaneiro claro. Este problema foi xerado por Montoro no 2017, non sei si lembrades que se contabilización 11 meses en lugar de 2 en termos de caixa, de aí ven o problema dese mes do IVE, daquela non dixestes nada e agora ven este problema, creo que é mellor traballar por Salceda, deixarse de campaña electoral e presentar mocións que si vaian a repercutir na vida dos salcedenses e das salcedensas porque por desgraza o diñeiro da Xunta de Galicia moitas veces non chega a Concellos como Salceda.

Sra. Tourón Domínguez: Vou recordar e facer un pouco de recorrido do que pasou co famoso IVE. No ano 2017 un cambio normativo do ministro Montoro contabilizou unha entrega a conta de 12 meses e en caixa como de 11 meses, a partir de aí no 2019 cando se fai a liquidación do exercicio do 2017 e se detecta ese problema, Pedro Sánchez no Congreso dos Deputados presenta unha posibilidade de solución e de emenda a este problema e foi, xa que se contabilizara en caixa 11 meses en vez de 12 dixo que se contabilizaran en 2019 trece meses para remediar ese problema, o PP unánimemente dixo que non, isto foi no 2019 cando se estaba coa liquidación e se podía solucionar o problema. Agora que xa non se pode facer porque a liquidación xa está feita, agora en campaña electoral interesa máis traer iso, non traelo en 2019 nin cando o PSOE poñía solucións factibles no momento fronte a todo isto para intentar liquidar o problema que xerou. Volvo a repetir, nin o PP nin a Xunta de Galicia lle reclamou ao Goberno do Estado cando gobernaba o PP, só se lle acordou de reclamalo agora que goberna o PSOE e a un mes das eleccións. O PSOE puxo enriba da mesa varias solucións que non lle poden gustar a todos pero que as puxo, como non ter en conta o IVE gastado e non ingresado á hora de determinar o déficit, establecerse un fondo de liquidez autonómico extra ao tipo do cero por cento, flexibilizar o déficit das CCAA, ningunha son do agrado do PP pero o que non podeis pretender o Grupo do PP é arranxar os problemas de Feijoo no pleno de Salceda.

Sr. Núñez Troncoso: A cuestión é, vai a apoiar esta moción ou non? Parece mentira Sra. Verónica Tourón que diga o que acaba de dicir. Aquí independentemente de quen xerara o problema é diñeiro dos galegos e parte dos de Salceda, iso en Salceda implica 1.200.000 euros, non é que vaia a xestionar o Concello de Salceda o xestiona a Comunidade Autónoma, tanto a de Galicia como as demais CC AA, lle lembro que



hai CCAA do PSOE que están pensando presentar reclamación vía xudicial. Parece mentira que sexa vostede Tenente Alcalde deste Concello e que pretende ser a próxima Alcaldesa, parece mentira que vostede non lle interese que eses cartos veñan para Galicia, é increíble o que acabamos de oír. Son cartos nosos, dos galegos, recadados polo IVE aos galegos, aos veciños de Salceda e a vostede iso non lle interesa, a vostede interésalle Montoro, vaia xunta del e pídalle explicacións, xerara quen xerara o problema, repito, son cartos nosos. O mesmo lle digo ao Sr. Alejandro, a min como veciño de Salceda non me interesa quen xerou o problema, a min interésame que nos dean os cartos que nos corresponden como a calquera Comunidade Autónoma, ademais sendo cumpridora. Parece mentira que esteamos nun pleno e Salceda, é increíble o que acabamos de ver, uns cartos que nos corresponden e van a votar en contra, é o no va máis, pero alá vostedes.

Sr. Rodríguez Canosa: Non imos apoiar a moción, gustárame apoiala se me puideras garantir eses 1.200.000 euros, se me dis que a Xunta os vai a traer para facer o saneamento de Entenza –Soutelo que leva prometido dende o 2005, pois perfecto.

Sra. Tourón Domínguez: É máis, eu diría 1.200.000 euros e de forma transparente, no saneamento ou en algo onde se mire, a lealdade do noso partido de Salceda está co noso Secretario Xeral e no Congreso de Deputados e el presentou as súas propostas e o PP as rexeitou. Cada quen co que vota nos sitios co que ten potestade para facelo. En canto á Xunta, eu reitero o que dixi o compañeiro de MS como o que dixeran antes, no Plan Concellos que a Xunta sexa transparente e mire de verdade se chegan eses cartos a Salceda. Vou facer unha petición, acabamos de aprobar unha moción de 8 de marzo, falamos moito de igualdade, eu son Tenente de Alcaldesa, espero que os termos femininos tamén sexan a nosa forma de actuar nos Plenos porque temos que respectar co exemplo.

Joaquín Nuñez: Me parece ben Sra. Tenente de Alcaldesa, me parece ben que lle importe máis o que diga o seu Secretario Xeral que os intereses dos veciños de Salceda, me parece increíble. Sr. Alejandro, vostede non se enteira, 1.200.000 euros eu dixen antes que non veñen directos ao Concello, eses cartos os percibe a Comunidade Autónoma e é a Comunidade Autónoma a que os gasta nos servizos públicos correspondentes, non dixen que foran directamente para o Concello, aquí hai servizos públicos que os paga a Xunta de Galicia. Fala vostede de saneamento, non sei se sabe vostede que pola Lei de Augas o saneamento é competencia municipal, non sei se o sabe, iso non quere dicir que a Xunta, e sobre todo en colectores xerais o faga, que na miña opinión, así debe ser, e así o recolle a Lei de Augas, os colectores xerais é competencia da Xunta, aquí houbo moitos ramais que se puideron facer co Plan Concellos e non se gastou un duro, e máis, non hai no recoñecemento extraxudicial de créditos de millón e pico de euros, unha factura pendente de pagar o saneamento, porque non se fixo ni un metro.

Sometida pola Sra. Presidenta votación a URXENCIA desta moción, esta resulta

aprobada por REXEITADA POR por SETE votos en contra do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o nº 2019-1245 de 14 de decembro ao nº 2020-192 de 20 de febreiro..

Queda dada conta, dos decretos ditados dende o nº 2019-1245 de 14 de decembro nº 2020-192 de febreiro de 20 de febreiro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos de 19.02.2020 (Rex. núm. 2020-E-RPLN-1)

Rogos do Partido Popular.

Sr. Núñez Troncoso: A parte dos dous presentados por rexistro hai outros:

1º ROGO: Con respecto ao inventario de camiños, que xa o temos presentando varios rogos en diversos plenos, e o inventario de camiños segue sen estar exposto na páxina do Concello, ao mesmo tempo xa lle anunciamos que pediremos unha copia da aprobación definitiva.

2º ROGO: Arranxo do camiño da Crega -Mallón, Soutelo, que se tomen as medidas necesarias pola dificultades existentes, estreito, buratos para o acceso rodado para as vivendas existentes ao final do camiño, presentase este rogo para que se proceda ao arranxo e mellora de dito camiño. Coas fotos que se aportan queda ben claro a situación que se atopa ese camiño.

3º ROGO: O mesmo ocorre coa mellora da estrada Casal a Sobredo, digo Casal a Sobredo porque así é como está recollido no inventario, pola situación de abandono no que se atopa coa conseguinte dificultade para o acceso de vehículos a vivendas afectadas, polo que se presenta este rogo para que se proceda ao arranxo de dita estrada. Fotografías tamén que como no caso anterior en estado lamentable.

Sr. Rodríguez Davila:



1º.- ROGO: Que se repoñan os adoquíns na rúa Pontevedra, á altura da Praza de Abastos, unha obra que ten cinco anos e xa se ten feito algunha mellora porque é unha obra que quedou como quedou e tamén a pavimentación da mesma porque parece que un vai constantemente por badéns, polo tanto rogamos a mellora do asfaltado da rúa Pontevedra e a colocación dos adoquíns que están soltos á altura do mercado.

2º ROGO: Que se faga un plan de pintado das rúas, porque moitas delas xa non se miran as liñas tanto zona azul, coma stops, paso de peóns, así como tamén facer unha sinalización nas parroquias nos cruces máis perigosos e nas zonas que se consideren oportunos polos técnicos que saben da materia.

PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Davila:

1º Que criterios, si se piden ou non, se seguen para seleccionar aos técnicos, porque constatamos que nos últimos anos son sempre os mesmos técnicos os que fan e redactan os proxectos de obras para o Concello de Salceda, polo tanto queremos saber que criterios se seguen, por qué sempre os mesmos e si cando se encarga un proxecto se pide orzamento a outras persoas que poidan facer eses proxectos? Nos consta que hai veciños empresarios deste Concello que si poden facer eses proxectos e que nunca se lles deu oportunidade para facelos, e como digo e reitero son sempre os mesmos os que firman os proxectos para o Concello.

Sra. Alcaldesa: Se piden outros orzamentos, non teño constancia de que pasase ninguén polo Concello a ofrecerme estes servizos, a min ou a calquera outra área, eu convídoos, se vostede os coñece, a que pasen polo Concello. Os criterios e pedir orzamentos, evidentemente a contía económica, é importante o prazo de entrega, moitas veces sabedes que é xusta e limitado e non temos a disposición aos técnicos que queremos cando queremos. De todos os xeitos si hai veciños, veciñanza, técnicos, enxeñeiros que queiran prestar servizos a este Concello pois que se acheguen por este Concello, nos recibimos a todo o mundo e se fan as valoracións de todas as ofertas que nos presentan.

Sr. Rodríguez Davila: O normal é que o Concello se poña en contacto coas empresas non viceversa, pero non hai problema e llo comunicaremos. É triste ter que vir a pedir traballo, téñeno fácil cun rexistro. Hai anos pedimos que se creara un rexistro de empresas de Salceda precisamente para iso, para que o Goberno non chamara sempre a mesma empresa

Sra. Pérez Domínguez:

1ª.- Que medidas se tomaron o luns de entroido co “Entroido ou besta”, houbo algunha medida máis a parte dos carteis, houbo algún punto violeta, se incrementaron as medidas de seguridade?

2ª.- En relación ao parque da Gándara, coa chegada do verán e coa afluencia de persoas ás piscinas municipais, gustaríanos saber si se vai toma algún tipo de medida, en canto cerrar o recinto do parque ? simplemente porque calquera neno se pode despistar e en nada atopase no medio da rúa, si se vai tomar medidas para cerrar o recinto.

Sra. Alcaldesa: Viches que nos últimos días xa se adoptaron medidas de seguridade, coa colocación de bancos e xardineira para delimitar o espazo peonil. A concepción da obra evidentemente non está pensada para un peche do xardín, nese tramo trátase dun tramo de circulación lenta que lle chaman tráfico calmado precisamente para protección dos viandantes e para os colectivos con máis dificultade, os maiores, os pequechos e as persoas con mobilidade reducida. A obra está feita e deseñada para iso, non imos agora a pechar o parque, é certo que se colocaron eses bancos e esas xardineiras para que a protección sexa maior. Entendo que non haberá ningún problema, se o houberse tamén se adoptarán as medidas necesarias. Entendemos que non vai haber ningún problema, ese espazo foi creado precisamente para disfrute e prioridade peonil. Na parte de arriba hai unha segunda fase e mellora completa do parque, estase facendo un estudio para ver o seu custe e cando teñamos posibilidades a levaremos a cabo.

Sra. Valcárcel Bernárdez: Temos constancia de que a empresa que presta servizo de axuda no fogar para o Concello xa finalizou o seu contrato, queremos saber si se van tramitar uns novos pregos de condicións, e si é así si se van a quitar a concurso e tamén saber canto tempo leva esta empresa sen contrato?

Sra. Ledo Souto: A empresa leva sen contrato dous anos e pico, se están elaborando os pregos para sacala a licitación, loxicamente, os prazos son difíciles de establecer porque son os servizos do Concello, pero é prioridade e estamos en elo dende principios de ano.

Sr. Núñez Troncoso: Esta pregunta e con respecto á liquidación do cofinanciamento da escola infantil da Galiña Azul, a segunda liquidación, a Consellería Facenda fixo unha retención da participación dos fondos de cooperación local por débedas co Consorcio Galego de Servizos e Igualdade por 41.203 €. A qué se refire esa débeda co Consorcio?

Sra. Pérez González: Son do ano 2017 que aínda non se pagou, son os gastos semestrais do ano 2017 que non se pagaron.



Sr. Núñez Troncoso: Xa o vimos preguntado en varios plenos, queremos saber si se segue prestado o camiión do lixo ao Concello das Neves, e si é así, nós temos entendido pola entrada por rexistro, que as facturas de mantemento dese camiión do lixo entra a nome do noso Concello, quero se me confirme si realmente é así, si se lle está prestando de balde ao Concello das Neves ou no.

Rubén González: De balde non pois hai un convenio firmado dende hai bastante tempo e por exemplo temos tamén facturas deles, de mantemento, pezas, etc...Non todo o mantemento llo esta facendo o Concello de Salceda, senón que estamos tamén utilizando pezas.

Sra. Alcaldesa: Temos un convenio, falamos do principio de solidariedade, se un Concello ten unha dificultade e o podemos axudar imos facelo, outros nos axudan a nós con outros servizos como prestándonos o campo de fútbol, ou facendo outro tipo de servizos, como é o lóxico e sensato. Existe un convenio no que o Concello en días puntuais lle presta o camiión e o Concello das Neves terá uns gastos que nolo repercute inicialmente a nós pero que nós despois lle trasladaremos a eles, esa é a situación. Evidentemente as facturas veñen a nome deste Concello ao final de ano se fará un balance de todos os gastos, se lles imputará ao Concello de As Neves conforme figura no convenio.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

